

FUNDACIÓN TUTELAR ASPRONAGA

MEMORIA 2021

Táboa de contido

INTRODUCCIÓN.....	2
PADROADO.....	2
LOCALIZACIÓN.....	2
PERSOAL	3
ACCIÓN TUTELAR.....	3
SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA E ORIENTACIÓN FAMILIAR.....	8
VALORACIÓN DA XESTIÓN.....	9

INTRODUCCIÓN

A Fundación Tutelar Aspronaga é unha entidade sen ánimo de lucro, independente, con personalidade xurídica propia, que se dedica á defensa e promoción de persoas con discapacidade intelectual e dos seus bens e intereses, a través do exercicio da acción tutelar, **hasta el 2 de junio del presente año 2021 en que la nueva Ley 8/2021 suprime la tutela y establece una nueva situación con relación a lo que antes era la acción tutelar.**

Así mesmo, pon a disposición das persoas afectadas e da sociedade en xeral un servizo gratuíto de asesoría xurídica e orientación familiar.

Foi constituída o 28 de novembro de 1996 e áchase inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de servizos Sociais, clasificada de Interese Social e declarada de Interese Galego.

PADROADO

O Padroado é o órgano superior, a quen corresponde o goberno, administración e representación da Fundación.

Está formado por un mínimo de cinco membros e un máximo de sete, cuxos cargos son gratuítos, uns designados pola Asociación Aspronaga e outros en representación do Concello da Coruña e da Fundación Pedro Barrié da Maza, Conde de Fenosa, designados polos seus respectivos órganos de goberno.

O Secretario ten encomendada a xestión económico-administrativa da entidade e aqueloutras dirixidas ao mantemento do patrimonio das persoas tuteladas, administración dos seus medios económicos e autorización dos gastos oportunos, así como o relativo ao abono e control de pensións ou prestacións, segundo o caso, ademais de autorizar, se é o caso, en representación do Padroado, aquelas actividades de diversa natureza que requiran a autorización do titor, **acciones que se verán modificadas por el contenido de la nueva Ley a partir de su fecha de entrada en vigor.**

LOCALIZACIÓN

A sede da FUNDACION TUTELAR ASPRONAGA atópase situada na rúa Perez Lugín, 10 (15011) da Coruña.

O teléfono de atención é o 981 145418, e o seu correo electrónico é:
fundaciontutelar@aspronaga.net

PERSOAL

O equipo técnico da Fundación Tutelar ASPRONAGA está composto de tres profesionais cos seguintes perfís:

- . Unha licenciada en Dereito
- . Unha traballadora Social
- . Unha persoa encargada da Secretaria e Xerencia.

O persoal da Fundación conta para o exercicio da tutela coa colaboración activa de profesionais e persoal de atención directa dos Centros e Servizos de ASPRONAGA, onde residen e son atendidos os tutelados.

ACCIÓN TUTELAR

Na actualidade, **hasta la entrada en vigor de la nueva Ley 8/2021**, a Fundación **ostentaba** a tutela dun total de dez persoas, oito homes e dúas mulleres. **Después de dicha fecha se produjo un alta femenina con lo cual pasaron a ser once, ocho hombres y tres mujeres.**

A acción tutelar **seguía** a liña establecida dende o seu comezo e **se llevaba** a cabo de forma coordinada entre o persoal da fundación e a colaboración do persoal técnico e de atención directa, pertencentes aos dous Centros que en réxime residencial atenden aos tutelados.

A acción tutelar da Fundación Tutelar ASPRONAGA conta para a súa xestión cun Servizo de Asesoría Xurídica e de Traballo Social, a cargo dunha profesional da avogacía e dunha traballadora social, respetivamente, que levan a cabo un labor de intervención coordinada e complementada.

Ambos teñen como función principal a supervisión e seguimento do Plan Individual de traballo, que con carácter anual elabora o equipo técnico multidisciplinar dos centros nos que son atendidas as persoas tuteladas e que son aprobados posteriormente co visto e prace do Secretario da Fundación, como representante.

A institución tutelar e os servizos de atención directa á persoa tutelada mantiveron permanente contacto e coordinación, co fin de:

- . Facilitar unha relación periódica coas persoas tuteladas
- . Levar a cabo un seguimento da súa atención.
- . Recibir e intercambiar información da participación das persoas tuteladas en accións e programas que favorezan o desenvolvemento e adquisición de habilidades persoais e de integración social, a través de actividades de lecer, así como as dirixidas á súa atención persoal e de saúde. Así como procurar que a persoa con discapacidade poida desenrolar o seu propio proceso de toma de decisións co fin de que poida exercer a súa capacidade con menos apoios no futuro.

Este ano e dada a incidencia que está tendo a situación de pandemia que nos afecta, a acción tutelar centrouse moi especialmente no seguimento de accións protectoras establecidas para garantir a saúde e benestar dos tutelados, tendo en conta a incidencia que o COVID 19 tivo e ten nos Centros de Atención Residencial, sendo leste o réxime no que se atopan todos os nosos tutelados.

Neste sentido hai que destacar a inestimable axuda que a Fundación tivo nos profesionais que xestionan e realizan seu traballo de atención directa no Centro “Ricardo Baró” no que se atopan atendidos a maioría dos tutelados, conseguindo, coas medidas implantadas, que todos os que no seu momento foron contaxiados superasen satisfactoriamente a situación e recuperasen o seu estado de saúde anterior.

Esta atención completouse coa xestión da economía de cada un, sempre orientada ó seu benestar e á calidade de vida.

Destacar que no mes de xuño o número de tutelados pasou a ser de once, ao asumir a tutela dunha usuaria derivada polo Xulgado tras un proceso de remoción.

Así mesmo presentáronse, a Rendición Anual de Contas relativas á xestión económica levada a cabo a favor de cada tutelado, na que se achegaba o correspondente Informe da atención recibida. Todas elas aceptadas co visto e praxe da Fiscalía e do Xulgado correspondente.

De seguido, preséntase información sobre cada unha destas persoas e a atención que recibiron

Froito desta colaboración, foi a participación do noso tutelado **J.C.B.**, residente no centro Ricardo Baró, nas excursións efectuadas a Ézaro, Gabenlle e Balarés. En canto as programacións de actividades a realizar fora do Centro comentar que, aínda que non se poideron levar a cabo en plenitude debido á situación socio sanitaria derivada da pandemia de COVID-19, participou en actividades de lecer comunitario (saídas semana e fin de semana a feiras, cafeterías, etc). Así mesmo, participou nas campañas de vacinación, análíticas sanguíneas e controis habituais de parámetros de saúde que se realizan no centro. A avaliación do seu Plan Individual de Traballo, no presente ano, foi satisfactorio, axustándose aos obxectivos marcados.



En canto a **G.B.V.**, residente no centro Ricardo Baró, dadas as limitacións na súa autonomía, continuouse traballando a motricidade e a estimulación basal, co fin de que sexa consciente do seu propio corpo, xunto cunha serie de condutas básicas ou pre requisitos para calquera tipo de aprendizaxe. A avaliación do seu Plan Individual de Traballo, neste ano, foi satisfactorio, axustándose aos obxectivos marcados. Sinalar que, debido á situación socio sanitaria derivada da pandemia de COVID-19, inda que non se puideron levar a cabo a totalidade das actividades de lecer comunitario, participou en excursión a Xaviña e saídas semana e fin de semana a feiras, cafeterías, etc. Así mesmo, participou nas campañas



de vacinación, analíticas sanguíneas e controis habituais de parámetros de saúde que se realizan no centro.

No que respecta a **A.D.M.**, residente no Centro Ricardo Baró, participou nas actividades programadas durante o 2021 nas que o seu estado de saúde psíquico e orgánico permitiuno e a avaliación do seu Plan Individual de Traballo, no presente ano, foi satisfactorio, axustándose aos obxectivos marcados. A programación de actividades realizadas fora do centro, aínda que se recuperaron parcialmente, non se poideron levar a cabo en plenitude debido ó Covid-19. Con todo, puido disfrutar de actividades de lecer comunitario: saídas semana e fin de semana (cine, feiras, cafeterías, paseos, etc.). Así mesmo participou nas campañas de vacinación, analíticas sanguíneas e controis habituais de parámetros de saúde que se realizan no centro.




R.C.C.R. é residente de La Casa de Lamastelle, e asiste ao Centro Ocupacional Lamastelle, de ASPRONAGA. Participou nas seguintes viaxes: estancia en hotel en Coruña, Viveiro e Sanxenxo, participou tamén, de forma activa, en actividades lúdicas dentro da Residencia (deportes, xogos de mesa, etc.), así como encontros on-line con amigos mantendo o contacto con eles mediante chamadas telefónicas e vídeo chamadas. Así mesmo, participou en actividades formativo-terapéuticas: terapia ocupacional (tarefas de manipulado e envasado de produtos), estimulación cognitiva (manexo de cartos), escritura e lectura en braille, habilidades sociais (aprender a regular a conduta, defender os seus dereitos, toma de decisións), novas tecnoloxías (manexo de teléfono móbil), promoción da saúde (habilidades de prevención ante a COVID-19, uso de máscara, distancia social, hixiene de mans,...), vida independente (coidado da roupa, e mantemento e limpeza do fogar), fisioterapia e curso de benestar emocional. Así mesmo participou nas campañas de vacinación, analíticas sanguíneas e controis habituais de parámetros de saúde que se realizan no centro.



No que respecta a **J.F.D.M.**, residente no Centro "Ricardo Baró", a avaliación do seu Plan Individual de Traballo, no ano 2021, foi satisfactorio, axustándose aos obxectivos marcados. Participou nas actividades programadas fora do Centro coas restricións derivadas da pandemia. Con todo participou na excursión Senda de Sisalde, excursión a Malpica e lecer comunitario (saídas semana e fin de semana). Polo demais non houbo ningunha incidencia relevante no normal desenvolvemento da súa vida diaria. Así mesmo, participou nas campañas de vacinación, analíticas sanguíneas e controis habituais de parámetros de saúde que se realizan no centro.



En canto a **C.P.S.**, residente no Centro "Ricardo Baró", participou nas actividades programadas dentro do Centro nas que o seu estado de saúde psíquico e orgánico permitiuno. A avaliación do seu Plan Individual de Traballo, no ano 2021, foi satisfactorio, axustándose aos obxectivos marcados. Por outra banda comentar que neste exercicio a programación de actividades realizada fora do centro, aínda que se recuperou parcialmente, non se puido levar a cabo en plenitude, con todo puido gozar de unha excursión a praia do lago e lecer comunitario (saídas de semana e fin de semana). Así mesmo, participou nas campañas de vacinación, analíticas sanguíneas e controis habituais de parámetros de saúde que se realizan no centro.



En canto a **V.M.D.M.**, residente no centro "Ricardo Baró". A avaliación do seu Plan Individual de Traballo, no ano 2021, foi satisfactorio, axustándose aos obxectivos marcados. En canto ás programacións de actividades a realizar fora do Centro comentar que, aínda que sufriron unha paralización debido á situación socio sanitaria derivada da pandemia de COVID-19, o noso tutelado, puido gozar de unha excursión a Belelle e ocio comunitario (días de semana e fines de semana). Así mesmo, participou nas campañas de vacinación, analíticas sanguíneas e controis habituais de parámetros de saúde que se realizan no centro.



No que respecta a **S.D.C.**, residente no centro “Ricardo Baró”, en canto ao seu plan individual seguimos traballando as condutas adaptativas, especialmente as referidas a socialización e autonomía persoal. Resulta complexo incorporalo a actividades comunitarias dada a súa resistencia aos cambios de rutinas e a súa rixidez de comportamento. Así mesmo participou nas campañas de vacinación, análíticas sanguíneas e controis habituais de parámetros de saúde que se realizan no centro.



En canto a **M.C.F.O.**, residente no centro “Ricardo Baró” é tutelada da Fundación Tutelar Aspronaga dende xuño de 2019. A avaliación do seu Plan Individual de Traballo foi satisfactorio, axustándose aos obxectivos marcados. Participou en todas aquelas actividades programadas durante o ano nas que o seu estado de saúde psíquico e orgánico o permitiron, todas elas levadas a cabo nas instalacións do Centro dado que as de ocio comunitario (saídas de semana e fin de semana a feiras, cafeterías, etc.) nas que participaba habitualmente, non foi posible realizalas dada a situación socio sanitaria derivada da pandemia de COVID-19. Así mesmo, participou nas campañas de vacinación, análíticas sanguíneas e controis habituais de parámetros de saúde que se realizan no centro.



En canto a **J.C.G.A.**, residente habitual na Residencia “Martín Pou” é tutelado da Fundación Tutelar Aspronaga dende Setembro de 2020. Participou en todas aquelas actividades programadas durante o ano en función dos obxectivos establecidos no seu Plan de Intervención Individual e segundo os seus intereses, sempre condicionado polas restricións impostas pola pandemia á poboación xeral, e ós usuarios das residencias en particular. Ao longo do ano participou, de forma activa, en actividades lúdicas dentro da Residencia (deportes, xogos de mesa, manualidades, etc.),



así como en encontros con amigos e familiares mantendo o contacto con eles mediante chamadas telefónicas, vídeo chamadas e visitas presenciais. Participou en 2 viaxes (Ribeira, Ourense) e 1 excursión a Narón. Destacar que asiste habitualmente ao Centro de Día de Lamastelle participando en diversas actividades formativo-terapéuticas: terapia ocupacional (tarefas de manipulado e envasado de produtos), estimulación cognitiva, psicomotricidade e paseos, promoción da saúde (habilidades de prevención ante a COVID-19 (uso de máscara, distancia social, hixiene de mans, etc.), vida independente (coidado da roupa e mantemento e limpeza do fogar) e fisioterapia. Así mesmo, participou nas campañas de vacinación, análíticas sanguíneas e controis habituais de parámetros de saúde que se realizan no centro.

M.M.I.A. tutelada da Fundación Tutelar Aspronaga dende xuño de 2021, é residente na Residencia Aspronaga, e asiste ao Centro Ocupacional Lamastelle. Participou, de forma activa, en actividades lúdicas dentro da Residencia (deportes, xogos de mesa, manualidades, etc.), así como en encontros con amigos e familiares mantendo o contacto con eles mediante chamadas telefónicas, vídeo chamadas e visitas presenciais. Así mesmo, participou en actividades formativo-terapéuticas: terapia ocupacional (tarefas de manipulado e envasado de produtos), estimulación cognitiva, psicomotricidade e paseos, promoción da saúde (habilidades de prevención ante a COVID-19, uso de máscara, distancia social, hixiene de mans,...), vida independente (coidado da roupa, e mantemento e limpeza do fogar), horto terapéutico, ludoterapia, fisioterapia, taller de benestar emocional, e curso “O Recuncho dos Sabios” para fomentar encontro entre as persoas maiores con discapacidade co obxectivo de intercambiar experiencias, fomentar o benestar emocional, etc. Así mesmo, participou nos controis habituais de parámetros de saúde que se realizan no centro.



Así mesmo, leváronse a cabo entrevistas cos once tutelados da Asociación e mantivéronse reunións de traballo co persoal responsable dos centros dos que son usuarios, ao obxecto de levar a cabo o seguimento destes tutelados e a supervisión da atención recibida.

SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA E ORIENTACIÓN FAMILIAR

Dende a súa posta en marcha a Fundación contou con estes dous servizos que, en traballo coordinado, serven de apoio ao exercicio da acción tutelar. Centrados, inicialmente na atención ao tutelado, co tempo foise recibindo a demanda de asesoramento e orientación das familias e responsables de persoas con discapacidade intelectual e inclusive da propia persoa con discapacidade que vían a necesidade de contar cun servizo especializado nesta materia, o que fixo que se ampliase o seu ámbito de acción.

Este Servizo está a cargo dunha Letrada especializada e coa colaboración da Traballadora Social, mantívose aberto ao longo do ano, si ben tivo que adaptar as súas intervencións até ese momento presenciais e a partir do momento en que se estableceron as medidas de prevención, a modalidade de atención pasou a ser, maioritariamente telefónica e a través de correo electrónico, intentado manter a mesma calidade de atención que até o momento víñase prestando, mantendo o mesmo horario habitual e limitando, no posible, a atención presencial.

Son competencias deste Servizo:

1.- APOIO Á ACCIÓN TUTELAR

Orientación no relativo á protección e xestión dos dereitos e bens dos tutelados, así como colaborar no cumprimento das obrigacións de carácter legal que afectan ó exercicio da tutela por parte da

Fundación. En canto á atención persoal dos tutelados facilítase o apoio aos profesionais que directamente levan a cabo súa atención nos Centros Residenciais.

2.- SERVIZO DE PRETUTELA

Encadrado e atendido polo Servizo Xurídico da Fundación, o Servizo de Pretutela púxose en marcha ao detectar que os pais comezan, cada vez en idades máis temperás, a interesarse por preparar o futuro do seu fillo e buscar a substitución na garda legal do seu fillo con discapacidade intelectual para que, chegado o momento, siga facilitando os apoios que require, a fin de continuar co seu proxecto de vida en calidade, tal como eles viñeron facendo.

Neste sentido, axúdaselles a elixir na súa contorna familiar á persoa designada para ese futuro e informala do que o cargo significa e a responsabilidade que leva. Para o caso de que non conten na súa contorna familiar con esa persoa de substitución, apúntaselles a posibilidade de designar á Fundación Tutelar, informándolles da súa misión, funcionamento e dos apoios cos que conta para levar a cabo a súa finalidade.

Por último, facilítaselles o trámite para deixar constancia da súa decisión, elaborando un borrador de testamento en que se manifieste e recolla a súa vontade e, se é o caso, a contorna en que desexan que o seu fillo reciba a atención e apoios que precisa, á vez que poden designar o substituto exemplar do seu fillo a quen irán destinados os bens que permanezan ao seu falecemento.

3.- INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E IDENTIFICACIÓN DA DEMANDA

Atendendo a esta consideración, a liña de intervención estivo orientada a dar resposta ás consultas expostas, cunha visión actualizada dos recursos legais orientados a dar cumprimento e facer realidade o establecido no Dereito Internacional das Persoas con Discapacidade, baixo unha visión positiva das posibilidades de cada unha das persoas con discapacidade intelectual á que se facía referencia, para así favorecer a súa autodeterminación completando a súa capacidade de obrar, en liña coa prevista reforma da lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.

Mantívoise o carácter xeral e aberto á demanda, con independencia da súa relación coa institución que o promove, o que fai que a demanda non veña condicionada por outro factor que non sexa a necesidade de orientación e apoio en todas aquelas situacións que así o fagan necesario.

Habemos de apuntar que o novo escenario creado polo COVID 19 deixouse notar tanto nos motivos de consulta, nalgúns casos derivados da paralización de xestións en trámite, como en orientación de novas situacións derivadas das consecuencias que a pandemia produciu nas familias cuidadoras de persoas con necesidades de apoio.

Neste apartado inclúense as seguintes actividades do servizo:

- . Resposta á demanda de información sobre información e trámites relacionados con medidas protectoras
- . Consultas de orientación en procesos xa iniciados, toma de decisións e tramitación de “Excusa da Patria Potestad” en base a idade avanzada dos pais e problemas de saúde.
- . Participación en accións formativas:

Participación en Talleres “on line” e Charlas, a través de Teleconferencias, sobre o aspecto xurídico e ético das situacións que están aflorando con motivo do COVID 19, organizadas ao longo do ano pola nosa Federación FADEMGA e Institucións especializadas na atención a Persoas Dependentes.

4.- XESTIÓN, TRAMITACIÓN E SEGUIMENTO

Este Servizo é demandado xeralmente polas familias que exercen a tutela e céntranse no asesoramento en materia de xestión de bens e dereitos, rendición de contas, solicitude de pensións, etc., ao que hai que engadir aquelas demandas de asesoramento en elaboración de testamento, modificación da capacidade de obrar, autorización para aceptación de herdanza a favor do tutelado, etc.

VALORACIÓN DA XESTIÓN

Ao longo do ano 2021 os obxectivos víronse modificados debido á especial situación derivada da pandemia de COVID-19 e centráronse sobre todo en prestar atención ao colectivo máis próximo que son as 300 familias dos usuarios de Servizos xestionados pola Asociación ASPRONAGA e dar resposta as situacións e dúbidas que se expuxeron nas consultas, demanda maioritariamente recibida a través de chamadas telefónicas e resoltas polo mesmo sistema, a través das que afloraron situacións sobre temas máis complexos derivados do exercicio de tutela e a responsabilidade na toma de decisións.

A pesar de todo e á vista dos resultados obtidos, consideramos que logrónse os obxectivos previstos, tanto en canto fan referencia ao exercicio da Acción Tutelar, o que se desprende do apartado no que se recollen de maneira detallada as atencións recibidas e actividades realizadas polas persoas tuteladas, como en canto fai referencia á actividade do Servizo Xurídico, que se consolida en base á recepción e atención da demanda recibida.

Tendo en conta a excepcional situación creada derivada da pandemia de COVID-19, as expectativas de futuro deberán necesariamente axustarse a ela facendo fincapé e intensificando aquelas accións derivadas da función tutelar que a situación require e iso fai que se centre en garantir e velar pola súa integridade e saúde, tanto física como emocional ambos aspectos que se están vendo afectados a medida que a situación se alarga no tempo.

Por outra banda, a Fundación Tutelar vai a seguir mantendo operativo, con carácter aberto, o Servizo de Asesoramento Xurídico, xa consolidado en base a súa demanda.

Fundación Tutelar Aspronaga

C/Pérez Lugin, 10. 15011 A Coruña

Telf. 981 14 54 18

fundaciontutelar@aspronaga.net

